

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2019/2020**

**MATERIA:**

**EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL**

**CURSO: 1º ESO**

**CENTRO:**

**CPI PLURILINGÜE DE FONTE-DÍAZ**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	3
2. Avaliación e cualificación.....	4
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).....	7
4. Información e publicidade.....	8

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Observa e analiza distintas imaxes según criterios obxectivos e subxectivos, diferenciando ambos.	Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe aplicando os coñecementos perceptivos.
Realiza ilusións ópticas e analízalas.	Crea ilusións ópticas analizando as causas polas que se producen.
Crea imaxes tendo en conta os diferentes graos de iconicidade.	Crea imaxes con distinto grao de iconicidade.
Experimenta con variacións de puntos, liñas e planos, realizando composicións que evidencian as súas capacidades expresivas.	Experimenta co valor expresivo da liña, o punto e o plano, explorando distintas posibilidades.
Crea texturas seguindo os criterios estéticos, funcionais e de clasificación das mesmas.	Diferencia e crea distintos tipos de texturas.
Recoñece os fundamentos da sintaxe visual nas súas propias creacións e nas alleas.	Coñece os elementos e os fundamentos da sintaxe visual.
Crea novas imaxes congruentes cos principios de espazo, composición e estética a partir de fragmentos fotográficos.	Crea composicións e obras con elementos fotográficos.
Crea imaxes nas que se aprecia a sensación de volume e profundidade a través do efecto de claroscuro.	Crea imaxes referidas á expresión do espazo e a profundidade.
Emprega e recoñece as distintas fases lóxicas do proceso de creación.	Coñece e utiliza distintas fases no proceso de creación.
Elabora imaxes nas que se aprecian as relacións entre estética e proporción humana.	Comprende de xeito crítico a relación entre os conceptos de proporción, canon e estética.

## 2. Avaliación e cualificación

### Avaliación

#### Procedementos:

- A avaliación será o resultado da corrección das actividades realizadas, tanto no seu resultado final como no proceso de realización.

#### AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES:

O seguimento do proceso de realización rexístrase de forma continua.

Na 1ª e 2ª avaliación cada actividade e o seu proceso de realización será valorada segundo os seguintes criterios xerais:

- Adecuación as normas que favorecen o ambiente axeitado para a práctica e aprendizaxe gráfico-plástica: ata un 20%.
- Lóxica e creatividade aplicada ao proceso de aprendizaxe e produción: ata un 20%.
- Corrección procedimental, técnica e instrumental na expresión plástica das súas producións: ata un 20%.
- Capacidade de traballo individual e/ou en equipo: ata un 20%.
- Adecuación á temporalización prevista: ata un 20%.

A 3ª avaliación terá un carácter diagnóstico e flexible. As actividades irán encamiñadas a repasar, reforzar e recuperar os contidos das dúas primeiras avaliacións.

Na avaliación das actividades valorarase:

- A corrección procedimental, técnica e instrumental na expresión plástica das súas producións: ata un 40%.
- Interés, esforzo e participación: ata un 30%.
- A adecuación á temporalización prevista: ata un 30%.

#### Instrumentos:

- Observación nas distintas fases do proceso de planificación, realización e entrega das actividades.
- Rexistro dos procesos e temporalización dos mesmos.
- Análise e corrección dos procedementos e resolución das actividades.

<b>Cualificación final</b>	<p>A nota final de cada alumno ou alumna en xuño será a media das dúas primeiras avaliacións, con redondeo á alza para valores decimais superiores a 0.5 , e despois de valorar as actividades de recuperación realizadas no 3º trimestre. A esa nota sumaráselle o resultado das actividades de reforzo e repaso realizadas no último trimestre que poden sumar ata 0´5 puntos cada unha á media das dúas primeiras avaliacións.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Para a promoción na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual en 1º E.S.O., o alumno/a deberá acadar a final de curso unha cualificación igual ou superior a 5 na 1ª e na 2ª avaliación. No caso de que o alumno/a non acade ese resultado, deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro que constará de dúas partes:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Presentación de actividades relacionadas coa/s avaliación/s non superada/s.</li> <li>2. Proba presencial específica, no caso de poder realizarse, relacionada coa/s avaliación/s non superada/s.</li> </ol> <p>A cualificación será a media dos resultados de ambas partes, sendo necesario acadar unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes para superar a materia.</p>
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>Para o alumnado que promocionou de curso con avaliación negativa na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual en 1º E.S.O., establécese un programa de seguimento, recuperación e avaliación da materia con criterio diagnóstico e formativo.</p> <p>Os criterios a seguir serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observa e analiza distintas imaxes según criterios obxectivos e subxectivos, diferenciando ambos.</li> <li>• Realiza ilusións ópticas e análizaas.</li> <li>• Crea imaxes tendo en conta os diferentes graos de iconicidade.</li> <li>• Experimenta con variacións de puntos, liñas e planos, realizando composicións que evidencian as súas capacidades expresivas.</li> <li>• Crea texturas seguindo os criterios estéticos, funcionais e de clasificación das mesmas.</li> <li>• Recoñece os fundamentos da sintaxe visual nas súas propias creacións</li> </ul>

	<p>e nas alleas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Crea novas imaxes congruentes cos principios de espazo, composición e estética a partir de fragmentos fotográficos.</li> <li>• Crea imaxes nas que se aprecia a sensación de volume e profundidade a través do efecto de claroscuro.</li> <li>• Emprega e recoñece as distintas fases lóxicas do proceso de creación.</li> <li>• Elabora imaxes nas que se aprecian as relacións entre estética e proporción humana.</li> <li>• Utiliza instrumentos de debuxo técnico para resolver exercicios básicos de xeometría plana.</li> <li>• Distingue as propiedades da cor luz e da cor pigmento, coñece e experimenta con cores primarias e secundarias.</li> </ul>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>A avaliación realizarase a partir dos seguintes criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Corrección procedimental, técnica e instrumental na expresión plástica das súas producións: ata un 40%.</li> <li>• Interés, traballo e participación: ata un 30%.</li> <li>• Adecuación á temporalización prevista: ata un 30%.</li> </ul>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <p>Actividades prácticas e traballos de investigación que servirán para diagnosticar a adquisición das competencias imprescindibles que permitan superar o curso sin limitacións graves para a continuidade no seu itinerario formativo.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

<b>Actividades</b>	As actividades previstas son actividades de recuperación, repaso e reforzo baseadas nos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
<b>Metodoloxía</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Comunicación co alumnado en xeral e proposta de actividades para o 3º trimestre.</li><li>• Unha vez establecida a comunicación individual por parte do alumnado, defínense as pautas para que cada alumno ou alumna poida realizar as actividades de recuperación, repaso ou reforzo que se adapten as súas necesidades e circunstancias.</li><li>• Proceso de realización das actividades por parte do alumnado, co asesoramento do profesorado.</li><li>• Entrega de actividades e avaliación das mesmas.</li></ul>
<b>Materiais e recursos</b>	A comunicación realízase a través da páxina web do centro e o correo electrónico, o que permite o intercambio recíproco de información e arquivos de xeito personalizado e cun baixo requerimento de medios tecnolóxicos.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O procedemento empregado preferentemente é a web do centro e o correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	A publicidade realízase a través da web do centro.